

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO  
CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA VINTEÚN DE  
AGOSTO DE DOUS MIL QUINCE.**

No Salón de sesións da Casa Consistorial, sendo as vinte horas e cinco minutos, reúnen-se en primeira convocatoria os Concelleiros que se expresan seguidamente, ao obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno, asistidos de min, Carlota González Navarro, secretaria xeral do Concello quen certifica e do interventor accidental, don Senén Martínez Prieto.

Comprobada pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declárase polo Sr. Alcalde-Presidente aberta a sesión, con arranxo á Orde do Día.

Asistentes:

Partido dos Socialistas de Galicia- Partido Socialista Obreiro Español PSdeG-PSOE

ALBERTO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ  
ROSA ANA GARCÍA LÓPEZ  
SERGIO SAAVEDRA GUTIÉRREZ  
BENITO MANUEL VEGA FERNÁNDEZ  
JESSICA SABIN FERNÁNDEZ  
ALEJANDRO ANTONIO GARCÍA SOUSA

Partido Popular- PP

JOSÉ ANTONIO VIGO LAGO  
ESTEBAN GARCÍA ALONSO  
JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ  
MARIA CRISTINA FREIRE ANEIROS

Centristas de Valdoviño (CENVAL)

LUIS MANUEL BECEIRO RODRÍGUEZ

Unidos por Valdoviño (U POR V)

MANUEL JAVIER BACORELLE ROBLES

Bloque Nacionalista Galego (BNG)

CARLOS ALBERTO AMENEIROS SERANTES

I) **PARTE DISPOSITIVA**

**1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 17.07.15 (ORDINARIA).-**

A voceira do PSdeG-PSOE, Sra. Rosa Ana García López fai a seguinte observación: No turno de rogos e preguntas, na derradeira folla da acta onde se recolle:

*“Sr. García López.- Sí, pero o risco eléctrico e maior. Hai un risco real que está ademais asumindo ao facer unha prorroga do contrato. Antes asumeuse o risco por descoñecemento, agora sabíase e prorrogouse igual”*

Debe dicir: “*Sr. García Alonso no canto de García López, pois esa intervención corresponde ao concelleiro do PP, Sr. Esteban García Alonso*”.

Sen ningunha outra observación, sometese o borrador da acta do 17.07.15 a votación, manifestándose todos os concelleiros, agás o Sr. Beceiro Rodríguez por non ter asistido a esa sesión; de xeito que:

**O Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos votantes, aprobou o borrador da acta do 17.07.15;** recolléndose a observación feita pola voceira do PSOE.

## **2º.- FIXACIÓN DOS FESTIVOS LOCAIS, ANO 2016.-**

*Proposta de Alcaldía, ditaminada favorable na comisión informativa de Planificación e Xestión Administrativa en sesión do 14.08.15:*

“Recibido o día 28 de xullo/2015, con rexistro de entrada núm. 2933 nas oficinas municipais, escrito da Xefatura Territorial da Coruña, da Consellería de Traballo e Benestar no que requiren ao Concello para que antes do vindeiro 30 de setembro de 2015, se remita acordo do órgano competente no que se determinen os dous días que para o termo municipal de Valdoviño se fixen como festas locais para o ano 2016, é polo que se eleva ao Pleno, previo ditame da comisión informativa, para a súa aprobación o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Fixar como festivos locais do ano 2016 para o termo municipal do Concello de Valdoviño os seguintes días:

- 09 de febreiro, martes de Antroido.
- 17 de agosto, coma día de San Mamede

**Segundo.-** Que se remita o presente acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar da Coruña.

Non obstante, o Pleno, previo ditame da comisión informativa correspondente, resolverá o que estime máis convinte.

Valdoviño, 10 de agosto de 2015.

O alcalde,

Asdo.: Alberto González Fernández”.

## INTERVENCIONES

Fai o Sr. Alcalde a aclaración de que ao ser no 2016, o día de San Xoan festivo, plantexouse volver a tradición de Valdoviño, de determinar coma festivo local o martes de antroido.

**O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade, aprobou a proposta da Alcaldía transcrita, de fixación dos festivos locais do vindeiro ano.**

**3º.- RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS EN EXPTE. DE INVESTIGACIÓN E APROBACIÓN DEFINITIVA DO MESMO (Nº 1/2013).- PROPOSTA DE ALCALDÍA:**

“Á vista do expediente de investigación de camiño nº 1/2013 incoado por este Concello acerca da titularidade da prolongación do camiño con número de activo 1C.2.0047 sito no Lugar de Pazos, Loira, Valdoviño no que seguironse os trámites legalmente establecidos .

Á vista da documentación que obra no mesmo .

Á vista do informe da Oficina Técnica de Obras e Urbanismo de data 25 de novembro de 2013 no que se conclúe " Que o camiño identifícase de forma clara desde o seu inicio na estrada CP-2502 ata chegar á propiedade de Cinthya Martín García e Concepcion García Manzanares, é dicir nos seus primeiros 330,00 m. A partir deste punto o camiño descorre entre a propiedade anterior e a parcela catastral nº 41 do polígono 37 e a súa superficie vai cubríndose de vexetación a medida que se vai a proximando a o río Donelle (consecuencia dun uso reducido do camiño neste tramo) ata chegar a desaparecer totalmente dentro da propiedade de Manuela Gómez Villadóniga e ser novamente visible no seu tramo final, na confluencia coa estrada con nº de activo 1C.2.0105.

Segundo o plano catastral de fincas rústicas e os datos obtidos do recoñecemento do camiño ,unha vez superados os 330,00 m de lonxitude desde a estrada CP-2502 o camiño únicamente serve de acceso á parcela nº 41 do Polígono 37, a propiedade de Cinthya Martín García e Concepción García Manzanares e a o Río Donelle, xa que como antes se indicou o acceso á propiedade de Manuela Gómez Villadóniga realizase directamente dende a estrada con nº de activo 1C.2.0105.

Emítese este informe para a súa incorporación ao expediente de investigación da titularidade da prolongación do camiño situado no Lugar de Pazos; parroquia de Loira, con nº de activo 1C.2.0047 para o seu análise por quen corresponda, xunto coas alegacións e títulos de propiedade presentados."

Á vista do informe da Secretaría Municipal de data 24 de marzo de 2014 no que se recolle entre outros : " Vista a escritura de compraventa e agrupación , obrante no expediente de data de 7 de febreiro de 2005 ante a Notario Carmen Susana Mora Ferreiro, inscrita no Rexistro da Propiedade de Ferrol (finca nº 19452, tomo 2388, libro 194, sinala):

2- Una casa en estado ruinoso compuesta de planta baja y alta destinada a molino harinero a presa movido por agua con dos piedras para molienda y grano de maíz, con los utensilios necesarios para la molturación ,existentes en el

mismo (hoy sin actividad alguna) sitas en el Lugar de Pazos ,parroquia de San Pedro de Loira, ayuntamiento de Valdoviño, por la parte sur tiene un cubo o estanque hecho para recoger el agua cuando escasea , en la planta alta tiene una sala, y en la planta baja cocina cuadras para guardar ganado y un alpendre unido y situado al este y por la parte del norte separada por el camino tiene una pequeña bodega y en ella una cuadra horno de cocer pan en ruinas y por la parte del oeste ,una porción de terreno destinada a labradío, con una cabida aproximada de diez áreas y dieciocho centiáreas, lo mismo que dos ferrados , todo lo cual constituye una sola finca , que linda en conjunto : Norte, camino, y en parte río; Sur con el regadío de Junto el molino..."

Vista a nota simple informativa do Rexistro da Propiedade de Narón , relativa á finca 19369, con referencia catastral 15088A037000410000HF, sinala nos linderos ;

Sur : Camino  
Este ; Río  
Oeste; Camino Serventío y en parte camino.

Queda así reflexado que se trata sen lugar a dúbidas dun camiño público, tal e como se recolle nos documentos citados.

Polo tanto examinadas as alegacións e documentación obrante no expediente de investigación, esta Secretaría entende que a prolongación do camiño con número de activo 1C.2.0047 debe entenderse como camiño público ata a súa intersección co río

Tal é o meu informe , non obstante o Pleno do Concello co seu superior criterio acordará o que estime pertinente ”.

Á vista do informe de levantamento topográfico do camiño de data 16 de xaneiro de 2015 e do informe da Oficina Técnica de Obras e Urbanismo de data 29 de abril de 2015 nos que se conclue que o camiño "foi desprazado cara o norte segundo se indica no plano núm.P 01 de dito informe, quedando dentro da zona delimitada polo peche realizado na parcela 15088A03900452, unha superficie de 115, 00 m da traza antiga do camiño.Tamén se indica no apartado III.3 que a modificación do trazado do camiño non representa ningunha mingua de posibilidades no seu uso mellorando as condicións de seguridade de utilización ,ao desprazarse o camiño respecto á esquina dunha edificación existente ,o informe conclúe que o tramo de camiño con inicio no Río Donelle e en dirección nordeste non existe como camiño público"

Á vista das alegacións presentadas ao expediente no trámite de audiencia por Dona Concepción García Manzanares en data de 23 de abril de 2014 , por Dona Cinthya García Martín en data de 3 de maio de 2014, por Don Chisco Amado Leira en data de 5 de maio de 2014, por Don José Ángel Fonticoba Pita en data de 29 de abril de 2014.

Esta alcaldía en vista das atribucións conferidas pola lexislación vixente propón ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO** – Desestimar as alegacións presentadas por Dona Concepción García Manzanares, Dona Cinthya Martín García e Don José Ángel Fonticoba Pita en base aos informes técnicos e xurídicos obrante no expediente .

Estimar a alegación presentada por Don Chisco Amado Leira en base aos informes técnicos e o levantamento topográfico obrante no expediente.

**SEGUNDO** - Declarar a titularidade pública da prolongación do camiño con nº de activo 1C.2.0047 ata a súa intersección co río.

**TERCEIRO** - Que se proceda á recuperación do seu trazado orixinal de acordo cos informes técnicos.

**CUARTO** – Que se reflecta a mesma no Inventario de Viais Municipais.

**QUINTO**- Notificar este acordo a tódolos interesados .

En Valdoviño, a 7 de julio de 2015

O ALCALDE

ALBERTO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ “

#### INTERVENCIONES

Sr. Alcalde.- É un expediente que xa estaba iniciado.

Sr. Vigo Lago.- Teño que comentar en relación ao camiño que me abstiven na comisión pero que agora vou votar en contra porque falei cos veciños afectados, con xente que naceu alí e da que non se conta coa súa opinión. Eu mesmo fixera ahí unha venda fai moito tempo. Os veciños saben que o camiño chega ata muiño pero nunca pasou para diante e é unha inxustiza o que se lle fai a esta xente.

Sr. Alcalde.- O tema foi estudado e tiñamos que tomar unha decisión, isto é a parte final do expediente.

Sra. Secretaria.- Se algunha parte ten interese no asunto, debe absterse.

Sr. Vigo.- Non teño interese algunha.

**O Pleno, mediante votación ordinaria e por maioría aprobou a proposta de Alcaldía que antecede.**

**Votos favorables á aprobación de todos os grupos municipais, agás do Partido Popular que votou en contra da dita aprobación.**

#### **4º.- APROBACIÓN INICIAL DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.-**

Tratado no seo da comisión de Planificación e Xestión Administrativa de 14.08.15 o borrador de proposta e proxecto da modificación da ordenanza, en cuia explicación intervira nesa comisión a Interventora, Sra. Campos Rdguez, **A comisión, en votación ordinaria e por unanimidade, ditaminou favorable para elevar ao Pleno para aprobación a seguinte proposta e proxecto de modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica:**

#### **PROPUESTA DE DE ALCALDIA:**

“En relación con el expediente relativo a la ordenación del Impuesto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, en cumplimiento de la Providencia de Alcaldía de fecha 11 DE AGOSTO DE 2015, emito el siguiente informe-propuesta de resolución, de conformidad con lo establecido en el artículo 175 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de noviembre, con base a los siguientes,

#### **ANTECEDENTES DE HECHO**

**PRIMERO.** Providencia de alcaldía de 11 de agosto de 2015.

**SEGUNDO:** proposta a comisión plenaria de 12 de agosto de 2015 y anexo do texto.

#### **LEGISLACIÓN APLICABLE**

La Legislación aplicable viene establecida por:

— **Los artículos 15 al 19 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.**

— **Los artículos 92 al 99 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que recogen la regulación del Impuesto sobre Vehículos de Tracción Mecánica**

— **Los artículos 22.2.d) y e) y 47.1 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local.**

Visto cuanto antecede, se considera que el expediente ha seguido la tramitación establecida en la Legislación aplicable, procediendo su aprobación inicial por el Pleno de este Ayuntamiento, de conformidad con lo previsto en el artículo 47.1 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, por mayoría simple de los miembros presentes.

Por ello, de conformidad con lo establecido en el artículo 175 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales

aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de noviembre, el que suscribe eleva la siguiente propuesta de resolución:

### **INFORME-PROPUESTA DE RESOLUCIÓN**

**PRIMERO.** Aprobar la Ordenanza fiscal reguladora del Impuesto sobre Vehículos de Tracción Mecánica con el texto que figura en el expediente.

**SEGUNDO.** Exponer al público el anterior Acuerdo mediante anuncio que se insertará en el tablón de anuncios municipal durante el plazo de treinta días hábiles, a contar desde el siguiente al de publicación de dicho anuncio en el *Boletín Oficial de la Provincia*, dentro del cual los interesados podrán examinar el expediente y presentar las alegaciones que estimen oportunas<sup>1</sup>.

**TERCERO.** En caso de que no se presentasen alegaciones al expediente en el plazo anteriormente indicado, el Acuerdo se entenderá definitivamente aprobado, sin necesidad de Acuerdo plenario, de conformidad con el artículo 17.3 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

*No obstante, la Corporación acordará lo que estime pertinente.*

*En VALDOVIÑO, A 14 de agosto de 2015*

*El alcalde*

*Fdo.: Alberto Gonzalez Fernández"*

### **PROXECTO DE MODIFICACIÓN DE ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHICULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.**

Propóñense as seguintes modificacións :

**1.modifícase o apartado 2 do art 3º.relative ás exencións, quedando redactado do seguinte modo:.**

“ 3.2, Para poder obter as exencións á que se refire o parágrafo e) e g) do apartado 1 do artigo 93 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo RDL 2/2004 do 5 de marzo, os interesados deberán instar a súa concesión con anterioridade á data do devengo do imposto , en caso contrario a concesión terá efectos dende o período impositivo seguinte ó da solicitude, indicando as características do vehiculo, a súa matrícula, a causa do beneficio e acreditar mediante a presentación da documentación na que consten a realidade do alegado. A notificación na que se resolva a concesión da exención servirá de documento acreditativo da súa existencia. Esta solicitude deberá

renovarse cada ano, presentando os documentos necesarios durante o primeiro bimestre de cada exercicio económico.

## **2.Engádesse un novo artigo:**

“ artigo 9. Bonificacións.

Establécense unhas bonificacións ao abeiro do artigo 95.6 do Real Decreto legislativo 2/ 2004 , do 5 de marzo , polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais:

1. Gozarán dunha bonificación do 100% os vehículos históricos , tendo esta consideración aqueles que cumpran os requisitos establecidos no art. 2 do Real Decreto 1247/1995 do 14 de xullo , polo que se aproba o regulamento de vehículos históricos.
2. Gozarán dunha bonificación do 100% os vehículos que teñan unha antigüidade mínima de vinte cinco anos contados a partir da data da súa fabricación , tomándose como tal, se esta non se coñecera , a da súa primeira matriculación ou, no seu defecto , a data na que o correspondente tipo ou variante se deixou de fabricar.
3. Para poder gozar das anteriores bonificacións , os interesados deberán instar a súa concesión indicando as características do vehículo ,a súa matrícula e a antigüidade . Para estes efectos deberán acompañar á solicitude de bonificación os documentos que acrediten o cumprimento dos requisitos para gozar da mesma , ben por medio de copia cotexada da ficha técnica , o permiso de circulación do vehículo ou certificado de fabricante ou de Industria respecto da data na que se deixou de fabricar o modelo en cuestión. No caso de vehículos históricos acreditarase aportando a catalogación como tal polo órgano competente da comunidade autónoma.
4. Os interesados deberán presentar a solicitude antes da data do devengo do imposto.En caso contrario a bonificación aplicarase dende o exercicio seguinte ao da solicitude. Declarada a bonificación pola administración tributaria local, expedirase un documento que acredite a súa concesión.

Con carácter xeral, as bonificacións non terán carácter retroactivo, no obstante , cando a bonificación se solicite antes de que a liquidación sexa firme , concederase se na data do devengo do imposto concorren os requisitos esixidos para o seu recoñecemento.

## **3. Modifícase o texto da Disposición derradeira.**

DISPOSICIÓN DERRADEIRA.

A presente modificación da ordenanza fiscal entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no boletín oficial da provincia, e será de aplicación o mesmo día da publicación do seu texto integro no Boletín oficial d a provincia , permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

En Valdoviño a 14 de agosto de 2015.

O Alcalde



Asdo. Alberto González Fernández” .

O Sr. Alcalde lembralle aos presentes que había unha moción do PSOE sobre esta cuestión e tamén unha proposta que non se levou a cabo do mandato 2007-2011 e que agora se retoma o asunto tanto no relativo a exencións coma a bonificacións.

**O Pleno da Corporación aprobou a proposta de Alcaldía co proxecto de modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, en votación ordinaria e por unanimidade.**

#### **5º.- APROBACIÓN DE DECLARACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO “PANTIN CLASSIC GALICIA PRO” COMO DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA.-**

PROPOSTA DE ALCALDÍA:

“Visto que polo Clube Praia de Pantín solicitouse do Concello de Valdoviño informe favorable do órgano municipal competente para realizar os trámites necesarios a fin de acadar a declaración do evento deportivo "Pantín Classic Galicia Pro" como festa de interese turístico de Galicia .

Visto o interese que dita declaración ten para este Concello a nivel económico , turístico e cultural .

Visto o contido do Decreto 4/2015, de 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia , publicado no DOG en data de 20 de xaneiro de 2015, de aplicación no presente caso.

Esta alcaldía en vista das atribucións conferidas pola lexislación vixente propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO** – Proceder á realización dos trámites ante a Xunta de Galicia para acadar a declaración do evento deportivo "Pantín Classic Galicia Pro" como festa de interese turístico de Galicia, promovendo tanto a súa declaración coma emitindo os informes favorables pertinentes.

En Valdoviño a 10 de agosto de 2015

O ALCALDE

ALBERTO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ”

INTERVENCIONES

Sr. Alcalde.- Xurde a proposta a partir da tramitación do Pantín- Classic, a Asociación está facendo a tramitación e pidiunos o apoio para elo, para declarar o evento como de interese turístico para Galicia. Houbo proposta na Mancomunidade, que se aproba e tamén dacordo co concello de Ferrol. Tivemos reunión coa Secretaría da Dirección Xeral de Turismo e nos trasladan que sexa o Concello de Valdoviño quen capitaneee esta actividade.

Nos sentaremos co Club para este tema. O Pantín ten un referente, a praia. O Campeonato non pode ir para outra praia, hai que impulsalo.

Tamén nos enteramos de que os 300.000 euros do Plan de Desenrolo Local usao a Xunta de Galicia para financiar o Pantin-Classic.

Sr. Ameneiros Serantes.- Reclamamos que Valdoviño teña un papel máis importante no que é tamén a cartelería. Non pasemos polo tema das chantaxes, a proba non a van a levar para outro lugar, non pode chamarse “Pantín Classic Galicia Pro”. Pido que figure Valdoviño, que se dea a coñecer o nome do noso Concello.

Sr. Beceiro Rguez.- Opino o mesmo que o BNG. Non se asocia a proba con Valdoviño, porque non figura o nome.

Sr. Alcalde.- Vos transmito que o día 28 de agosto presentase o Estudio do Plan de Turismo do Surf na Mancomunidade.

O Plan de Desenrolo vai a través da Xunta e dunha Asociación, os convenios se asinaban en Ferrol, este ano en Santiago. Estrañanos isto, que o Concello non tivese coñecemento. Pido a colaboración de todos os grupos no impulso do Pantín Classic e que esteamos todos na presentación o 31 de agosto.

Sr. Rodríguez Fernández.- Cando o levaba o Sr. Irisarri facíase a presentación en Valdoviño, no establecemento de “O Coyote”.

Sra. Freire Aneiros.- O ano pasado tamén se fixo en Pantín.

Sr. Alcalde.- Sí, é certo.

Sr. García Alonso.- Decides de que o Concello sexa quen organice.¿non?

Sr. Alcalde.- Organiza o Club o evento, buscan financiación e colaboran as Administracións.

O Plan de Desenrolo destina á promoción, os cartos, directamente á Organización e pensamos que debería ser o Concello, o que recibise o diñeiro igual que ocorre en Ortigueira co festival.

**O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, acordou aprobar a proposta de Alcaldía, referente á declaración do evento deportivo "Pantín Classic Galicia Pro" como festa de interese turístico de Galicia.**

Antes de entrar na parte da sesión de control de actividade do Pleno, o Sr. Alcalde a raíz de escrito (registro entrada 3215 de 20/08/15), presentado polo Secretario Comarcal da Conferencia Intersindical Galega de Ferrol, Sr. Manel Grandal Anca, dirixido á Alcaldía e aos grupos municipais do Concello de Valdoviño, dando traslado do mesmo, presenta por URXENCIA a moción da CIG

Sr. Bacorelle. -¿Pode presentar un sindicato unha moción?

Sra. Secretaria.- Se o grupo de goberno a asume, sí.

**Votase a incorporación da moción por vía de urxencia, que queda aprobada dita urxencia polo Pleno en votación ordinaria e por maioría.**

Vota en contra da urxencia o Sr. Bacorelle de U POR V; abstense o grupo do Partido Popular e os restantes grupos municipais ratifican a urxencia.

**.- MOCIÓN DA CIG RELATIVA Á PROPOSICIÓN DE LEI, POR INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR, DE MEDIDAS PARA GARANTIR A ENERXÍA COMO SERVIZO PÚBLICO E CONTRA A POBREZA ENERXÉTICA.-**

“A CIG ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta a seguinte **moción**, para o seu debate en pleno, sobre proposición de lei por iniciativa lexislativa popular, de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética. A central sindical Confederación Intersindical Galega (CIG) está a impulsar unha proposición de lei, por iniciativa lexislativa popular, que na súa exposición de motivos e articulado sinala o seguinte:

**Exposición de motivos**

O sector enerxético ten para Galiza un valor estratéxico, polo que representa no seu produto interior bruto e por ser un factor relevante para a produción industrial. A pesar desa importancia, Galicia apenas contou con capacidade para deseñar e aplicar unha estratexia enerxética propia, orientada a un aproveitamento endóxico dos seus recursos enerxéticos.

Ao longo de anos por decisións políticas, Galiza foise especializando na xeración de electricidade. Dese xeito, desempeñou un papel de subministrador de enerxía eléctrica para o resto do Estado español, con base no seu potencial hidroeléctrico e nos xacementos de carbón, acrecentado posteriormente co desenvolvemento do aproveitamento eólico e biomasa, e tamén coa construción de dous ciclos combinados de gas natural.

Porén, a pesar de que a xeración eléctrica leva aparelados, uns moi importantes custos sociais e medioambientais, Galiza non tirou proveito desta actividade económica. Ao contrario, ao estar sometida a un marco regulatorio e tarifario común en todo o Estado español e as decisións adoptadas polas empresas eléctricas que actúan en réxime de oligopolio a través dos seus centros de decisión afastados de Galiza, nunca recibiu vantaxes do aproveitamento dos seus recursos, e mesmo sofre en amplas zonas do país unha deficiente calidade da subministración eléctrica.

No Estado español impúxose o criterio dun sistema eléctrico único e de tarifa única, prexudicial para Galiza ao tratar por igual os consumidores dos diferentes territorios, sen ter en conta a súa achega como produtores de enerxía. Cabe salientar que as tarifas eléctricas no Estado español son as terceiras máis caras para o consumo doméstico e as oitavas para o industrial, segundo unha comparativa de Eurostat sobre trinta estados europeos.

É posible a concreción dunha tarifa máis baixa, para que realmente exista un beneficio económico para o propio país, para favorecer o consumo doméstico dunha poboación que ten as pensións e os salarios entre os máis baixos do Estado español e para posibilitar o seu crecemento industrial. Así, nesa Lei, no Capítulo I, concrétese o desenvolvemento dunha política enerxética, baseada no papel protagonista da Administración galega, na necesidade para o país de dotármonos dunha tarifa eléctrica específica, fundamentada da nosa condición excendentaria na produción eléctrica, da análise das perdas no transporte e distribución, así como das diferentes peaxes do sistema que atenden ás singularidades de determinados territorios: extrapeninsulares, comarcas do carbón español, comunidades que son moi deficitarias na xeración eléctrica, etc. Por iso, concretamos que para Galiza a tarifa debería recoller unha bonificación dun 30% nas peaxes. A Lei pretende tamén impulsar o crecemento das enerxías renovábeis, as medidas de aforro e eficiencia enerxética e a inclusión de Galicia no actual Plano Estatal do Carbón. Por último, propónse a creación dunha tarifa industrial estábel e predicíbel que favoreza a localización e o desenvolvemento industrial. O sector empresarial galego, e nomeadamente a súa industria, precisa gañar competitividade pola vía da correcta xestión dos seus custos. Na actualidade, os custos enerxéticos, representan a segunda categoría de custo máis importante despois dos correspondentes ao persoal. En 2012, o prezo da electricidade para clientes industriais era no conxunto do Estado español un 10% superior ao custo medio da Unión Europea. Obviamente, cómpre avanzarmos nas políticas orientadas a conseguir maiores graos de eficiencia enerxética para reducir a intensidade enerxética. Porén, tamén é necesario que se actúe de maneira decidida sobre os custos enerxéticos que teñen que soportar as empresas no desenvolvemento da súa actividade.

Neste sentido, Galiza acolle no seu territorio factorías que desenvolven procesos produtivos intensivos no uso de enerxía (aluminio, aliaxes de ferro, etc.). Por tal motivo, a continuidade destas actividades –coa conservación do emprego e a xeración de riqueza vinculado a elas- está estreitamente vencellada a disporen de electricidade a uns prezos que respondan á realidade dos custos relativos á súa produción, transporte e distribución. Desta medida veríanse beneficiadas non só esas factorías de referencia, senón o conxunto dos sectores produtivos galegos, que lograrían un abaratamento evidente da súa factura enerxética incrementando así a súa competitividade. Sen a lousa dunha estrutura de prezos eléctricos artificialmente agrandada por uns cálculos de custos de transporte e distribución realizados cunha lóxica de Estado, máis que non corresponden á realidade do noso país, incrementaríase o atractivo de Galiza como territorio para a implantación empresarial.

Dado que o obxectivo do sistema eléctrico é fornecer electricidade con maior nivel de calidade, ao menor custo posible e con respecto ás cuestións ambientais, parece evidente que se necesita de maneira inadiábel que a través dos mecanismos gubernativos oportunos se garanta que un territorio como o galego que conta cunha grande capacidade de transformación de enerxía primaria en enerxía apta para o consumo, dispoña dun prezo da electricidade que constitúa unha vantaxe competitiva para as empresas que nel están localizadas. Os custo de transporte e distribución desde

as instalación de produción localizadas en territorio galego até os centros de consumo industrial en Galiza deberían ser inferiores aos que se recollen na actual estrutura de peaxes e cargas que está vixente para todo o Estado, dada a proximidade espacial entre unhas e outros. Adaptar estes conceptos regulados á singularidade propia de Galiza permitiría explotar unha vantaxe comparativa do noso país para xerar riqueza e emprego a través da produción industrial.

O capítulo II desta Lei recolle unha concepción da enerxía como un dereito universal de todas as persoas. Para tal fin, concrétese a definición da pobreza enerxética e articulanse varias medidas para a defensa das persoas consumidoras en situación de pobreza enerxética, ao ser un problema de cada vez maior importancia na sociedade galega. Moitas persoas e familias non poden pagar as facturas do subministro enerxético, eléctrico e de gas, especialmente durante os meses de inverno nos cales, polas condicións climatolóxicas, o seu consumo é imprescindible. Segundo datos recentes en Galiza, cerca de 187.000 persoas, o 18% do total da poboación, teñen dificultades para aboaren as súas facturas enerxéticas (gas, auga, electricidade, calefacción, etc.), situación que resulta intolerable nunha sociedade socialmente avanzada.

## **Capítulo I. Medidas para garantir a enerxía como servizo público para o desenvolvemento económico e industrial de Galiza.**

### **Artigo 1. Política enerxética.**

A Xunta de Galiza porá en práctica no ámbito das súas competencias e promoverá a defenderá nos órganos de cooperación entre o Estado e as Comunidades Autónomas medidas encamiñadas a:

- a) A participación da Xunta de Galiza directamente, ou a través de empresas mixtas, para o aproveitamento público de todos os recursos enerxéticos, así como de todas as instalacións de produción, distribución e transporte existentes en Galiza.
- b) A implantación dunha tarifa eléctrica máis baixa para Galiza, partindo dunha redución do 30% das peaxes do sistema eléctrico.
- c) A diversificación das fontes de enerxía e recuperación das primas para permitir o desenvolvemento das enerxías renovábeis.
- d) A aprobación dun plano de medidas para o fomento do aforro e de eficiencia no consumo enerxético.
- e) A esixencia da inclusión da Galiza no actual Plano Estatal do Carbón.
- f) A creación dunha tarifa industrial estábel, con variacións predicibéis, á que se podan acoller os grandes consumidores baixo o cumprimento dunha serie de requisitos de consumo, potencia contratada e dispoñibilidade de interrupción do subministro se for preciso para a xestión do sistema eléctrico.

## **Capítulo II. A enerxía como dereito universal de todas as persoas ao benestar social.**

### **Artigo 2. Concepto de pobreza enerxética.**

Unha unidade de convivencia está en situación de pobreza enerxética cando ten que destinar máis do 10% dos seus ingresos para satisfacer as súas necesidades enerxéticas

(gas e electricidade) da súa vivenda. Para o cálculo anterior, consideraranse os gastos teóricos de enerxía para manter a temperatura da vivenda entre 18°C e 21°C.

**Artigo 3. Medidas para erradicar a pobreza enerxética.**

1. A Xunta de Galiza asumirá o custo das facturas de gas e electricidade das persoas consumidoras vulneábeis en risco de pobreza enerxética.
2. Para os efectos de dar cumprimento ao anterior, as persoas que se encontren en situación de pobreza enerxética nos termos do artigo 2 desta Lei, poderán solicitar da Administración, ao recibiren o aviso de interrupción do subministro de electricidade ou gas, que se faga cargo das súas facturas de gas e electricidade.
3. Para demostrar a situación de pobreza enerxética, os interesados deberán achegar coa solicitude un informe dos servizos sociais sobre a situación da unidade de convivencia. Este informe, que as administracións públicas competentes deberán emitir no prazo máximo de quince días desde que sexa requirido, acreditará o cumprimento dos requisitos do artigo 2 desta Lei cunha vixencia de seis meses, sen prexuízo da súa renovación.
4. A Xunta de Galiza acordará coas empresas subministradoras dos servizos básicos de electricidade e gas os mecanismos de intercambio de información e de prezos sociais co obxectivo de mellorar a prevención e a planificación das actuacións públicas.
5. A Xunta de Galiza acordará coas empresas subministradoras os mecanismos de información necesarios para que poñan en coñecemento dos servizos sociais e das persoas usuarias a información existente e actualizada sobre as tarifas sociais e as axudas e medidas previstas para frear a pobreza enerxética.

Por todos estes motivos, a CIG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

**Acordo**

Primeiro.- Manifestar o apoio da Corporación Municipal á proposición de lei de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética que se está a impulsar por iniciativa popular a Confederación Intersindical Galega e dar traslado do mesmo á presidencia do Parlamento de Galicia, portavoces parlamentarios e presidente da Xunta de Galicia.

Segundo.- Animar á veciñanza do noso concello a apoiar esta iniciativa lexislativa popular.

Valdoviño, 6 de agosto de 2015.

Ao Alcalde-Presidente do concello de Valdoviño”.

**INTERVENCÍONS**

Sr. Ameneiros Serantes.- O BNG presentara unha moción neste ámbito. Nun país que se di desenrolado non pode haber xente que pase frío. Estanse pagando uns 400 euros de media máis polo mesmo consumo dende hai dous anos. Este país produce enerxía

eléctrica e temos beneficios, prodúcese máis do que consumimos e o Estado español non nos da nada.

É unha polémica coma o da travase de augas no estado español. Un país como o noso, excedente en produción eléctrica non pode ter problemas como o de Megasa, Alcoa, etc..

Sr. Bacorelle.- Vou votar a favor.

Sr. Vigo Lago.- Absteremonos porque hai contradicións respecto ao pagamento de peaxes, hai cousas coas que estamos dacordo, pero precisaríamos máis información.

Sr. García López.- O meu grupo mostrase a favor de aprobar a moción.

Sr. Alcalde.- Estamos dacordo co BNG. Debese potenciar a Galicia en todos os aspectos e en todos os tipo de enerxía e non verse afectada por problemas lexislativos.

Sr. García Alonso.- Para dar unha opinión teríamos que estudar ben o tema.

Sr. Alcalde. –Se algún grupo quere falalo, podese facer un receso e parar a sesión; pero lembrolles de que hai posibilidade de presentar mocións por urxencia.

**O Pleno, aprobou a moción da CIG, en votación ordinaria e por maioría.**

**Votos a favor de todos os grupos menos do PP que se abstén.**

## II) CONTROL DE ACTIVIDADE DO PLENO

### **6º.- DAR CONTA DE DECRETOS DA ALCALDIA. RELACIÓN NÚM. 6/2015.-**

Nº	Data	Extracto do contido
242	03-07-15	Aceptando subvención da Dª Xª de Emprego na parte que afecta ao Concello para desenvolver proxecto : “Territorio Emprego 2015-2016” e comprometer aportación de 1.088,22€ para gastos material de formación do programa.
243	03-07-15	Nomeando a persoal para limpeza praias 2015, aprobando listaxe reserva e ordeando trámites de contratación.
244	06-07-15	Incoando expte de orde de execución Ref. OE 1/2015 (para poda ramas arbolado pola propiedade, porque irrumpen en tendido eléctrico en A Gándara-Meirás).
245	06-07-15	Incoando expte de orde de execución Ref. OE 2/2015 (para instalación pola propiedade de medidas de seguridade e colocación tapas en pozo artesano en Avda. Couce Casas-Valdoviño).
246	06-07-15	Concedeselle a traballadora laboral Iria García Martínez o día 9 de xullo de 2015 coma de asuntos propios.
247	06-07-15	Incoando expte de orde de execución Ref. OE 3/2015 (poda de peche vexetal pola propiedade porque invade vial público, en Avda. da Gándara de Abaixo- Valdoviño).
248	07-07-15	Aprobando licencia de obra menor. Expte 53/2015.
249	07-07-15	Delegación na concelleira Sra. García López a celebración dun matrimonio civil no día 18.07.15 ás 12 horas.
250	08-07-15	Decreto convocatoria sesión ordinaria Xunta goberno local a

- celebrar o 9 de xullo.
- 251 10-07-15 Autorizando celebrar festas en honor á Virxe do Porto na pq de Meirás, días 10, 11 e 12 de xullo/2015.
- 252 10-07-15 Autorizando celebrar festas en honor á Virxe do Carme na pq de Valdoviño, días 17 e 18 de xullo/2015.
- 253 10-07-15 Concedeselle á funcionaria M<sup>a</sup> Carmen Lamas Rodríguez o día 16 de xullo de 2015 coma de asuntos propios.
- 254 13-07-15 Autorizando a Fevaldo colocación cartelería e bandeiras para dar a coñecer a celebración da Feira Medieval en Valdoviño, nos días 24, 25 e 26 de xullo do corrente.
- 255 13-07-15 Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno da Corporación a celebrar o 17 de xullo/2015.
- 256 13-07-15 Concedenselle á funcionaria Paula Campos Rodríguez os días 3 e 4 de agosto de 2015 coma de asuntos propios.
- 257 14-07-15 Nomeando ao funcionario Senén Martínez Prieto como membro Tribunal para selección técnico de inserción laboral para o desenvolvemento do programa “Territorio de Emprego 2015-2016”.
- 258 14-07-15 Levantando reparos suspensivos interpostos pola intervención municipal no seu informe de 14.07.15 e aprobando gastos e autorizando pagamentos que se conteñen na relación anexa a este decreto, por un importe bruto de 79.338,55 euros.
- 259 15-07-15 Convocatoria sesión ordinaria de Xunta de goberno local, prevista para o 16 de xullo de 2015.
- 260 15-07-15 Resolución inicio procedementos sancionadores de tráfico. 26 Exptes. Total importe principal: 4.840€; bonificado 2.420€.
- 261 16-07-15 Pola que se incoa expte OPI 1/2015 (ordeando a propietaria limpeza de vexetación e mantemento distancia plantacións) no lg da Bergaña-Valdoviño.
- 262 16-07-15 Pola que se incoa expte OPI 2/2015 (ordeando ao SEPES e M<sup>o</sup> de Defensa a corta de maleza e arbolado en A Boiera-Sequeiro).
- 263 21-07-15 Autorizando festas patronais en honor a Santiago Apóstol na parroquia de Pantín os días 24, 25 e 26 de xullo.
- 264 21-07-15 • Aprobáanse cotas-prezo público- por prestación do SAF, de decembro de 2014. Importe total: 3.981 euros.
- 265 23-07-15 Aprobando bases de contratación dun oficial de 2<sup>a</sup> e de dous peóns subvencionada pola Deputación Provincial da Coruña, para cuadrilla de obras e servizos mínimos municipais.
- 266 22-07-15 Convocatoria sesión ordinaria de Xunta de goberno local para o día 23 de xullo de 2015.
- 266-Bis 22-07-15 Concedeselle ao funcionario Oscar Novo Martínez o día 27 de xullo de 2015, coma de asuntos propios.
- 267 23-07-15 Autorizando festas patronais en honor a Santiago de Lago os días 24 e 25 de xullo de 2015.
- 268 23-07-15 Autorizando celebración festa medieval os días 24, 25 e 26 de



- xullo de 2015 en pq Valdoviño.
- 269 24-07-15 Inadmitindo recurso extraordinario de revisión en materia de tráfico. Expte: 12881/2014.
- 270 24-07-15 Ordenado suspensión de obras que realiza interesado, instadas en expte 78/2013, no lg. De Riobo-Meirás, por non posuir a licenza municipal.
- 271 27-07-15 Autorizando celebrar a XIX Edición de Baixada de Carrilanas de San Mamede en Valdoviño os días 8 e 9 de agosto do corrente ano.
- 272 27-07-15 Aprobando expte de modificación de crédito nº 4/2015, (transferencia crédito). Importe: 80.226,15 euros.
- 273 28-07-15 Aprobanse as retribucións dos funcionarios de xullo/2015 por bruto de 51.901,70€; igual dos laboráis por 19.878,12€ e as destinadas a abonar aos concelleiros neste mes por 5.694,40 euros.
- 274 28-07-15 Convocatoria sesión ordinaria Xunta goberno local de 30.07.15.
- 275 29-07-15 Aprobando relación de aspirantes e lista de reserva e ordeando se realice o contrato para un Oficial de segunda.
- 276 29-07-15 Polo que se incoa expte OPI 3/15 (ordenado a propietarios aclarar biomasa vexetal e manter distancia de arbolado) no lg. A Carreira-Sequeiro.
- 277 29-07-15 Aprobando licencias de exptes de obra menor (19 exptes).
- 278 30-07-15 Autorizando a celebración da Volta Ciclista a Meirás o 15 de agosto.
- 279 30-07-15 De autorización para celebrar a VII Edición da degustación do percebe na parroquia de Meirás os días 1 e 2 de agosto.
- 280 30-07-15 Aprobando relación aspirantes e lista de reserva e ordeando se faigan os contratos de dous peóns.
- 281 03-08-15 Autorízase espectáculo circense en Pta. do Sol-Valdoviño os días 4 e 5 de agosto de 2015. (Circo di Vienna).
- 282 03-08-15 Concedenselle ao funcionario interino Israel Bogo Varela os días 4 e 6 de agosto de 2015 coma de asuntos propios.
- 283 04-08-15 Autorizando celebrar festas patronais en honor a Sta. Filomena na pq de Villarrube os días 8 e 9 de agosto de 2015.
- 284 04-08-15 Polo que se incoa expte OPI 4/15 (ordenado a propietaria aclarar biomasa vexetal e manter distancia de arbolado).
- 285 05-08-15 Concedeselle ao traballador Juan José Pérez Fernández o día 7 de agosto de 2015 coma de asuntos propios.
- 286 05-08-15 Convocatoria sesión ordinaria Xunta goberno local do 6.08.15.
- 287 (Omitido núm. na relación posta na rede)
- 288 (Omitido núm. na relación posta na rede)
- 289 07-08-15 Autorizando festas patronais en honor á Virxe das Neves na pq de Valdoviño os días 7, 8 e 9 de agosto.
- 290 06-08-15 Decreto resolución estimatorio de alegacións de expte sancionador de tráfico.
- 291 07-08-15 Resolución de inicio de procedementos sancionadores de tráfico. 40 Exptes. - Importe principal: 7.310€; bonificado: 3.655€.

292 10-08-15 Concedeselle ao empregado público, don José Gerardo Díaz Menjibar o día 14 de agosto de 2015 coma de asuntos propios.

Valdoviño, 12 de agosto de 2015

O Alcalde,

A Secretaria, ”

**O Pleno tomou razón dos decretos da relación 6/2015.**

**7º.- DAR CONTA DE INFORME SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PARA O PAGO DAS OBRIGAS DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, 2º TRIMESTRE DO ANO 2015.-**

O Pleno da Corporación tomou razón do informe reseñado, do que previamente se tiña dado conta na comisión informativa de Planificación e Xestión Administrativa en sesión do 14.08.15, e do que se facilitara copia do dito informe aos distintos grupos municipais.

**8º.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Don Alberte Ameneiros Serantes, concelleiro do BNG, presentou por escrito – rexistro de entrada núm. 3128 o día 11/08/15, as preguntas que se transcriben e das que se lle da resposta nesta sesión:

- .- ¿Cantos aspirantes se presentaron ás probas selectivas para a contratación de socorristas, realizadas pola concesionaria do servizo de socorrismo de praias, na piscina de San Sadurniño?
- .- ¿Realizaronse probas no mar aos aspirantes?
- .- ¿Cantas horas semanais traballan efectivamente os socorristas do servizo de salvamento de praias?
- .- ¿Está operativa a moto de auga e zodiac, para ser usadas en caso de necesidade?
- .- ¿Acudiu unha embarcación de Cedeira a rescatar algunha das dúas? E en caso afirmativo, ¿Cal foi o motivo?

Sr. Alcalde.- Son 30 persoas que fan 38 horas. Deberíanse facer as probas no mar, pero se fixo a contratación tarde e a empresa contratou á xente con urxencia, pero si que o persoal está titulado. Prestan un servizo efectivo, atendendo as recomendacións para a Bandeira Azul dando a propia empresa resposta, cunha redistribución do persoal nas praias por exemplo. Fan tamén as análises e o control para Bandeira Azul.

O concello dispón dunha embarcación, de moto de auga que fai dous anos ou tres que non está operativa segundo nos trasladan. Puxose unha embarcación (un venres) e unha semá despois incorporase unha segunda embarcación en A Frouxeira e Pantín). O 1º día a da Frouxeira sofre avería no motor e pasa a Cedeira e a empresa que se fixera cargo das embarcacións anuncian os problemas e remata que o día 15 a roubaron en Cedeira.

Sr. Vega Fernández.- Probose a embarcación na dársena en Cedeira pero volveu a parar e din que volcou o ano pasado.

Sr. García Sousa.- Estivemos buscando a documentación correspondente.

Sr. Alcalde.- Ten que facerse cargo da situación a empresa.

Sr. Rodríguez Fernández.- Terán que saber porque para o motor; cal é a avaría.

Sr. Alcalde. –Pediuse informe respecto das embarcacións e vos iremos informando.

Sr. Alcalde.-

.- Informovos de que o 28.08.15 é a presentación do Surf.

De que na Mancomunidade se tratou o tema da avispa velutina (houbo reunións dos concellos de Ortegal) e eu mesmo falei coa FEGAMP para trasladarlle a preocupación dos concellos do norte e Galicia con esta cuestión. A Mancomunidade asinará convenio coa Asociación Galega de Apicultura para traballar de forma conxunta.

.- Houbo un problema con Terracan (coa perreira). Propoñiamos unha ampliación por parte da Mancomunidade (servizo público) con apoio de voluntariado.

.- Tivemos un incidente nun parque infantil que solventamos de xeito urxente. Informe de técnico con urxencia e contouse con traballadores municipais que fixeron os amaños precisos.

.- Problema tamén en Meirás por unha insuficiente calidade da auga. (zona praia e río). No lo comunica a Xunta e nos indica que tomaramos decisión de peche da praia ou non recomendar o baño (fixemos ésta última opción).

Sr. Rodríguez Fernández.- ¿Qué problema tiña a auga?

Sr. Alcalde.- Heterococos. As últimas análises indican que xa está ben na praia, no lo dín oralmente e confirmámolo con análises nosos feitos pola empresa encargada do servizo de socorrismo.

Sr. Vigo Lago.- Fixerase control de verquidos pola Xunta (espaciados) dende marea e cara o río arriba. Chegara a desaparecer a contaminación.

Sr. Alcalde.- No tema do Río (da praia de Meirás) estamos en contacto co Servizo da Natureza.

Sr. Vigo Lago.- Falaches de amaño de parques infantís polos operarios pero teño entendido que ten que ser material homologado e instalado e arranxado por xente especializada.

Sr. García Alonso.- ¿Están amañados todos os parques infantís? Porque o de Valdoviño, non o está.

Sr. Alcalde.- Falo das cuestión que xenerán risco.

Sr. Ameneiros Serantes.- Isto é surrealista, non se fixo nada, actuase agora e crease un debate.

Sr. Vigo Lago.- Non é debate, é puntualización.

Sr. Alcalde.- Fixo informe e o técnico que o fixo (David Novo) incluso fixo separata dos aspectos de urxencia.

Sr. Ameneiros Serantes.- Pedimos que no vindeiro prego para a contratación do servizo de socorrismo si se puntua ampliación de horario, que o mínimo para puntuar sexa de 30 minutos e non pase o deste ano que ofertaron 5 minutos.

Sr. Alcalde.-

.- Trasladei necesidade de modificación da lexislación respecto á titulación dos socorristas, (porque quedan praias da comarca sen salvamento) á Secretaría de Turismo para que llo traslade a Presidencia.

.- Fixemos actuacións – melloras- en praias coma arranxo barandillas na Frouxeira, retirada de escombros en O Baleo...

.- En canto ao asunto de Porto do Cabo, decirvos que chegou unha multa de 6000 euros. Fixose solicitude de autorización de verquido á Xunta. Por outra banda tivemos reunión co Director de Obra e falta ter reunión coa empresa adxudicataria. Estamos na procura dunha solución.

.- Decidiuse regularizar o pagamento do Servizo de Axuda no Fogar. As traballadoras sociais o consideraron oportuno pagando dobre de taxa e a intervención amosouse dacordo, e adoptouse esta decisión, con posibilidade eso sí, de aprazamentos para casos de necesidade.

.- En canto ao edificio “O Siroco” houbo contacto por parte do propietario e comezaremos a falar.

Sr. Amenerios Serantes.- ¿Fíxose algo sobre numeración de Vivendas?

Sr. Alcalde.- Non se fixo nada máis. ¿Había un contrato coa empresa para numerar o resto do municipio?

Sr. Vigo Lago.- A empresa é “Procat” e contratouse soio para numerar o núcleo de Valdoviño. O outro ía saír a concurso.

Sr. Alcalde.- Solicitamos á Deputación para mellorar o campo municipal. Xa había proxecto e estaba falado.

Sr. Bacorelle.- ¿Nese proxecto dicía Mourente?

Sr. Saavedra Gutiérrez.- Sí, dicía Mourente.

Sr. Beceiro Rodríguez.- ¿Está rematada a obra do Cameleiro?

Sr. Alcalde.- Fenosa reclamaou que o cable hai que cambialo (en media tensión)

Sr. Rodríguez Fdez.- A dirección da obra a levou Fenosa.

Sr. Vigo Lago.-Debe de ser a zona de baixa tensión.

Sr. Rodríguez Fdez.- É un pedazo pequeno.

Sr. Vega Fdez.- Son 35 metros.

Sr. Alcalde.- Está para rematar.

Ademais estamos pendentes dunha reunión con Fenosa para tratar sobre todos os temas que nos inciden.

Sr. Vigo Lago.- Estivose actuando con Fenosa para darlle subministro aos veciños.

Sr. Saavedra Gutiérrez.- ¿Non se recepcionou esa obra? Os cables teñen que adaptarse á normativa vixente.

Sr. Beceiro Rguez.- ¿Qué hai da feira multisectorial?

Sr. Alcalde.- Houbo solicitude dunha persoa, fixeron comprobación os técnicos municipais, veuse a documentación e dáse a autorización previo pagamento de taxas. Non a organiza o Concello.

Sr. Ameneiros Serantes. – Xa está en vigor a ordenanza. ¿Temos pensado organizar o Feirón?

Sr. Alcalde.- Nestes intres, estamos con outras cousas.

Sr. Vigo Lago.-

Da conta e lectura da resolución (**decreto de arquivo**) no Procedemento 21/2015, no que a Fiscalía archiva dilixencias (investigación Penal), relacionado con denuncia formulada á fiscalía da área de Ferrol por don Manuel Bacorelle Robles (concelleiro de UNIDOS POR VALDOVIÑO), relativa á merca de nave de Mourente. Di que a denuncia se formulou contra os anteriores concelleiros Sr. Pastor Vigo Horjales, Sr. José Antonio Rodríguez Fernández e contra él (Sr. Vigo Lago).

/O Sr. Vigo Lago mediante escrito rexistro entrada 3186 en data 18/08/15, solicitaba a incorporación das dilixencias de investigación penal da Fiscalía da Área de Ferrol que anexa ao escrito ao expediente de merca da nave do asunto e solicitaba se informase no pleno do día de hoxe dos antecedentes de feito, fundamentos de dereito e acordo que constan no decreto de arquivo que anexa ao escrito/.

**O Pleno tomu coñecemento.**

Sr. Vigo Lago.- Fai os seguintes rogos:

.- Pide se reparen pilares da fachada do Centro de Saúde que se están agrietando.

Sr. Alcalde.- Hai que pasivalos.

Sr. Vigo.- Pero hai pedazos de formigón que poden desprenderse.

Sr. Alcalde.- Trasladaremos isto ao aparelador municipal. Había un proxecto do PSOE na Xunta que o PP eliminou.

Sr. Vigo Lago.- Rogo se reparen luminarias na Porta do Sol, porque hai desprendementos, e agrietamento no sistema de anclaxes.

Sr. Alcalde.- A empresa executou mal a obra, á que contrataron Vostedes.

Sr. Vigo Lago.- Non ten que ver unha cousa con outra. A anclaxe do que é a farola non se lle tocou.

Sr. Vega.- Se puxeran en contacto cunha empresa e con outra, segundo o Sr. Pastor Vigo (subministradora e instaladora).

Sr. Vigo Lago.- Xa houbera desprendementos antes de facer a obra a empresa que contratamos.

Sr. Alcalde.- Entón debíase facer a reparación para dar seguridade e non meter o sistema led.

Sr. Vigo Lago.- Rogo se faiga diseño para normalizar as obras referentes a instalación de tubos en zanzas e non ter despois que volver a levantar como no saneamento de Montefaro.

Sr. Ameneiros Serantes.- Iso levoa pedindo o BNG dende fai 20 anos.

Sr. Vigo Lago.- Rogamos que se sigan solucionando os problemas en canto a mantemento de alumado público.

Sr. Alcalde.- Non se acometeu actuación no seu mandato cando houbo varias subvencións de melloras enerxéticas.

Pero doulle as grazas polos seus rogos.

Sr. Vigo Lago.- Temos tamén preguntas:

.- Dixeronnos que non camping municipal están cun grupo electrógeno.

Sr. Alcalde.- LLes prestamos un equipo complementario. (Está feita a tramitación definitiva).

Sr. Vigo Lago.- Falaramos da representación do noso grupo – nº compoñentes- nas comisións informativas. ¿Pensaron algo?

Sr. Alcalde.- Non se mirou por cuestión de tempo, non por deixadez. Comprometemonos a miralo en setembro.

Sr. Vigo Lago.- ¿Hai algo da cesión AC- 116 e AC 566?

Sr. Alcalde.- Temos autorización para a execución. Ten que saír no DOGA pero podemos comezar as obras.

Sr. Vigo Lago.- ¿Canto paga o concesionario do camping?

Sr. Alcalde.- Está prorrogado, coas condicións do contrato que tiña.

Sr. Vigo Lago.- ¿Pecharon dúas escolas unitarias?

Sr. Alcalde.- Non teño nada confirmado, estou á espera de información. O CRAC segue igual.

Rematados os asuntos a tratar, cando eran as dez horas, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión, da que eu coma Secretaria, extendo a presente acta sobre o nela acontecido e CERTIFICO.

O Alcalde,

A Secretaria,